

ou desde o día seguinte a aquel en que se publique a resolución expresa do recurso de reposición potestativo ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

C) Sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro que estime procedente.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. José Nelson Santos Argibay, no Porriño a cinco de outubro de dous mil doce.”

O Porriño, 05 de outubro de 2012.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2012009791

\* \* \*

## REDONDELA

### A N U N C I O

#### BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER E A IGUALDADE PARA O ANO 2012

##### *PRIMEIRA.—DEFINICIÓN.*

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión das subvencións da Concellaría de Servizos Sociais, Muller e Igualdade para o ano 2012 de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Búscase ademais, nestes momentos de crise económica, eficiencia na asignación e a maximización no reparto dos recursos existentes para a realización de actividades que complementen ou suplan aos de competencia municipal.

##### *SEGUNDA.—OBXECTO DA SUBVENCIÓN.*

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de subvencións, durante o ano 2012, ás asociacións e colectivos de mulleres do concello de Redondela para o desenvolvemento de actividades e programas de promoción da muller e da igualdade cuxa finalidade sexan:

- De promoción da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos.
- De conciliación e corresponsabilidade.
- De difusión dos dereitos das mulleres, da historia do movemento de mulleres e do pensamento feminista.
- De fortalecemento de iniciativas de organización.
- De formación, orientación e asesoramento cara a busca ou consolidación do emprego feminino.
- De información, asesoramento, prevención ou tratamento da violencia de xénero.
- De promoción da saúde e o autocoidado en problemáticas específicas de muller.
- De promoción da participación das mulleres no eido social, cultural ou artístico.
- De promoción persoal e adquisición de habilidades sociais.
- De integración e traballo con grupos en risco de exclusión.
- De fomento do deporte feminino.

##### *TERCEIRA.—IMPORTE DA SUBVENCIÓN.*

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 13.000 euros con cargo á partida 2311A48902 do orzamento vixente.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria. Se así fóra, este feito daría

lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión da subvencións poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo de concesión.

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### *CUARTA.—ENTIDADES BENEFICIARIAS.*

Terán a consideración de entidade beneficiaria das subvencións desta convocatoria todas as asociacións de mulleres e vogalías da muller de entidades veciñais ou culturais debidamente constituídas en asemblea demostrable a través da presentación da correspondente acta, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Redondela.

Para poder ser beneficiaria desta subvención as asociacións deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser unha entidade sen ánimo de lucro.
- b) Ter debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ben ter solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ter presentado unha renuncia por escrito.
- c) Levar inscrita no Rexistro Municipal de Asociación do Concello de Redondela como mínimo 6 meses dende a data de publicacións destas Bases.

En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases en quenes se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### *QUINTA.—DOCUMENTACIÓN.*

As entidades interesadas en acollerse aos beneficios destas Bases presentarán as solicitudes no Rexistro de Entrada do Concello de Redondela dirixidas ao Alcalde ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común no modelo normalizado que se facilitará no propio Rexistro.

A documentación a presentar será a recollida no Anexo a estas Bases.

Se as entidades non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que subsane as deficiencias en dez días, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### *SEXTA.—PRAZO DE SOLICITUDE.*

Estas Bases publicaranse na páxina web do Concello de Redondela e no Boletín Oficial da Provincia. O prazo de solicitude é de 15 días contados a partires do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### *SÉTIMA.—CONCESIÓN DE SUBVENCIONS.*

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concorrencia competitiva polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas coa finalidade de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases e adxudicar as subvencións segundo as valoracións.

A concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria mencionada na base Terceira e atendendo aos seguintes criterios obxectivos:

1. Repercusión na parroquia téndose en conta o número de participantes na actividade de acordo coa seguinte táboa:

<i>Participantes</i>	<i>Puntuación</i>
Entre 0 e 12	10
Entre 13 e 25	20
Entre 26 e 35	30
Máis de 35	40

2. Duración no tempo das actividades a realizar de acordo co seguinte baremo:

<i>Duración</i>	<i>Puntuación</i>
Todo o ano	40
Máis de seis meses	30
Máis de dous meses e menos de seis meses	20
Menos de dous meses	10

3. Tipo de actividade de acordo co seguinte baremo:

<i>Duración</i>	<i>Puntuación</i>
Promoción da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos	40
Formación e emprego	40
Loita contra a violencia de xénero	40
Integración de grupos en risco de exclusión	40
Conciliación e corresponsabilidade	30
Promoción persoal	30
Promoción da saúde	30
Fortalecemento das organizacións	30
Difusión dos dereitos	30
Artístico e cultural	20
Fomento do deporte feminino	20
Outra	10

A cantidade prevista na Base Terceira para estas subvencións dividirase entre a suma da puntuación obtida por todas as actividades para as que se solicita a axuda. O cociente desa división multiplicarase polos puntos obtidos na valoración de cada actividade, sendo o devandito resultado o importe da subvención que se proporá outorgar polo Concello. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

#### OITAVA. — PROCEDIMENTO.

A instrución do procedemento corresponderalle á funcionaria Sandra Alonso Plata, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será a encargada de requirir ás entidades solicitantes a subsanación de deficiencias.

Avaliadas as solicitudes pola instrutora segundo os criterios, formas e prioridades establecidas nestas Bases, elevarase a unha comisión de valoración integrada pola Concelleira de Servizos Sociais, Muller e Igualdade, Dona María Teresa París Blanco, que actuará como Presidenta, dúas concelleiras Dona Erminda Quelle Fernández e Dona Ana Alonso Alonso, actuando como suplentes Dona María José Barciela Barros e Don Cándido Vilaboa Figueroa e dúas traballadoras do Concello, Dona Elisa Vieites Piquenque e a funcionaria instrutora do procedemento, que actuará con voz pero sen voto, actuando neste caso como suplente Purificación Hermelo Iglesias.

A comisión recollerá en acta a proposta da concesión da subvención.

A instrutora, tras a acta da comisión, formulará proposta de resolución provisional debidamente motivada.

No caso de que na valoración a comisión ou a instrutora utilizaran datos diferentes dos aportados polas entidades abrírase un prazo de dez días para que todas entidades interesadas puideran presentar as alegacións que estimaran oportunas. Tras examinar as alegacións presentadas, de ser o caso, o órgano instrutor formulará proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo a esta Base, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, debendo expresar as entidades solicitantes para as que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala. Xunto coa proposta, a instrutora emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder despréndese que as entidades beneficiarias cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

#### *NOVENA.—RESOLUCIÓN.*

Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización de acordo co Real Decreto Lexislativo 20/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A partires da proposta e tras o informe da Intervención Municipal, a Alcaldía concederá as subvencións mediante Resolución na que se especifique a relación de entidades ás que se lles concede a axuda e a desestimación das restantes solicitudes.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 116.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, conforme aos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, de 3 de xuño, Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 117.2 da citada Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de acordo co artigo 43.2 da Lei 30/92, podendo entón as entidades interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/98.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

O prazo máximo para resolver será de seis meses contados a partires da finalización do prazo para a solicitude das subvencións. Transcorrido o devandito prazo, as entidades solicitantes ás que non se lles notifique resolución expresa, entenderán que a súa solicitude foi denegada.

#### *DÉCIMA.—PRAZO DE NOTIFICACIÓN.*

O outorgamento das subvencións notificarase ás entidades interesadas de acordo co establecido nos artigos 58 e 59 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestara o contrario, entenderase que acepta a subvención quedando suxeita ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.

#### *UNDÉCIMA.—OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.*

As entidades beneficiarias das subvencións terán que atermos ás seguintes obrigas:



1.—Cumprir co obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.

2.—Xustificar ante o Concello de Redondela o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

3.—Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4.—Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.

5.—Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

6.—Facer constar naquelas actividades que así o permitan, que conta coa subvención do Concello de Redondela. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e o nome do Concello de Redondela.

7.—Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

8.—Desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.

9.—As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Se a entidade beneficiaria fose debedora con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, a Alcaldía poderá acordar a compensación.

Asemade, non será posible efectuar ningún pagamento por concesións de subvencións cando transcorra o período de tempo para xustificar a aplicación de fondos sen que se cumprira este requisito.

O Concello de Redondela poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

#### *DUODÉCIMA.—XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.*

A xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Redondela antes do 15 de decembro do ano da solicitude.

Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince días naturais a petición razoada da entidade solicitante e sempre que así o acorde o órgano que concedeu a subvención contando os quince días dende a notificación do acordo da prórroga. Para isto, a petición da prórroga realizarase antes da finalización do prazo da xustificación da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

A xustificación, que será obrigatoria para o libramento dos fondos por parte do Concello, suporá a acreditación do cumprimento do obxecto da subvención concedida. Coa xustificación deberase acompañar o importe do resto dos fondos que financien a actividade subvencionada, así como a súa procedencia.

A xustificación, que será baixo a responsabilidade da entidade declarante, farase coa presentación no Rexistro de entrada do Concello do formulario correspondente, debidamente cuberto, que conterà a documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación da actividade realizada coa finalidade para a que foi concedida a subvención.

A súa vez, aquelas entidades beneficiarias ás que se lle outorgue unha subvención que superase os 3.000 euros deberán achegar certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. O resto de entidades beneficiarias presentarán unha declaración responsable de

acordo co establecido no Artigo 24.5 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 388/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e no seu caso, correspondentes ao período para o que esta foi concedida. No caso de que a entidade beneficiaria xustifique a subvención mediante facturas compulsadas, deberá presentar as facturas orixinais para que conste nelas carimbo do Concello no que se indique que estas foron utilizadas para xustificar unha subvención do Concello. As facturas deberán conter os seguintes datos:

- 1.— Emisión da persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.
- 2.— Identificación completa do/a provedor/a, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.
- 3.— Número de factura.
- 4.— Lugar e data da emisión da factura.
- 5.— Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.
- 6.— Período que corresponda.
- 7.— Carimbo ou lenda de “cobrado”, “pagado”, “recibín” ou similar.

Só serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención.

Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados dende que comezou a/as actividade/s subvencionadas ata que finalice o prazo de xustificación.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións nin como de calquera tributo ou prezo público satisfeito ao Concello. Tampouco serán gastos xustificables os intereses debedores de contas bancarias, os intereses, recargos e sancións administrativas e os gastos de procedementos xudiciais.

Se as axudas doutras Administracións Públicas son superiores ás previstas ou declaradas pola entidade beneficiaria no momento da solicitude e fan que superen, xunto coa subvención destas Bases, a contía total de gastos o importe da subvención verase reducida na cantidade que corresponda para que o gasto non sexa inferior ás axudas.

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano instrutor da Base oitava procederá á valoración de se, coa xustificación presentada por cada entidade beneficiaria, se cumpre coa finalidade básica da subvención. Posteriormente, de ser favorable a valoración, as xustificacións e a proposta que elaborará a Concelleira de Servizos Sociais, Muller e Igualdade a partires das devanditas valoracións se fiscalizarán pola Intervención Municipal.

Tras a xustificación, a proposta da Concelleira e a fiscalización da Intervención Municipal o órgano competente resolverá facendo mención expresa á que se produciu a comprobación da realización da actividade e o cumprimento da xustificación e nese caso, proporase que se lle recoñeza a obriga e que se efectúe o correspondente pago.

O importe xustificado será coma mínimo o importe subvencionado. No caso de que a entidade beneficiaria non xustifique a totalidade do gasto da subvención concedida realizarase o libramento dos fondos polo importe xustificado, sempre e cando se cumpran co resto dos requisitos destas Bases.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Alcaldía iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso por revocación da concesión da subvención.



*DÉCIMO TERCEIRA.—PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN  
DA SUBVENCIÓN DAS BASES.*

Procederáse á publicación no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Redondela e no Taboleiro de Anuncios do Concello. Asemade cando algunha das subvencións concedidas a unha entidade beneficiaria sexa superior a 3.000 euros procederáse á publicación no Diario Oficial de Galicia dun extracto do acordo de concesión das subvencións indicando os lugares onde se atopa exposto o seu contido íntegro. En todo caso, o acordo de concesión será exposto polo prazo de 30 días no Taboleiro de Anuncios do Concello onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, as entidades beneficiarias, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

*DÉCIMO CUARTA.—REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.*

Procederá o reintegro da total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do correspondente xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro de acordo co establecido nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As cantidades a reintegrar terán carácter de dereito público.

*DÉCIMO QUINTA.—INSPECCIÓN E CONTROL.*

O Concello de Redondela a través da Intervención Municipal poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Asemade será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*DÉCIMO SEXTA.—INFRACCIÓNS E SANCIONES.*

Estas Bases quedan en materia de infraccións e sancións ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*DÉCIMO SÉTIMA.—RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.*

Estas Bases e as subvencións que se concedan de acordo con elas efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

- 1.—Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2.—Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 3.—Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- 4.—Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- 5.—Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- 6.—Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 7.—Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela.
- 8.—As Bases de execución do Orzamento do Concello de Redondela
- 9.—Demais normativa aplicable.

Solicitud (Anexo I)	
Referencia (a cubrir pola Administración)	

**Datos da entidade solicitante**

Nome			
CIF			
Enderezo (rúa, número, localidade)		Código postal	
Teléfono 1		Teléfono 2	
Correo electrónico			
Nº Rexistro municipal de Asociacións			

**Datos da persoa representante da entidade**

Nome e apelidos		NIF	
Cargo que ocupa		Teléfono	
Enderezo (rúa, número, localidade)			

**Proxecto subvencionable**

Solicita para a actividade ou programa que se recolle no Anexo II unha subvención por un importe total de	
---	--

**Documentación que se achega**

- Fotocopia da Tarxeta de Identificación Fiscal.
- Fotocopia do DNI da persoa representante.
- Memoria explicativa do proxecto (Anexo II).
- Declaración responsable (Anexo III).
- Memoria de actividades da entidade referente ao ano 2011.
- Designación de número de conta bancaria (Anexo IV).
- Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias (Anexo V).

Redondela, ..... de ..... de 2012.

Sinatura .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**





**Memoria da actividade ou programa (Anexo II)**

Referencia (a cubrir pola Administración)	
---	--

Entidade	
----------	--

**Denominación, obxectivos e descrición**

<b>Denominación da actividade ou programa</b>			
<b>Obxectivos</b>			
<b>Descrición</b>			
<b>Actividades que se van realizar</b>			
<b>Lugar de celebración</b>			
<b>Calendario das actividades</b>			
Data de inicio			
Data de finalización			
Nº totais de horas			
Horarios previstos			
<b>Número de persoas beneficiarias</b>			
Total		Mulleres	Homes
Grupo de idade ao que se dirixe a actividade ou programa			

**Orzamento**

Concepto de gastos	Importe
<b>Total</b>	

Concepto de ingresos	Importe
<b>Total</b>	

Redondela, ..... de ..... de 2012.

Sinatura .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**

**Declaración responsable (Anexo III)**

Referencia (a cubrir pola Administración)	
---	--

Don/Dona ..... con NIF ..... en calidade de representante da entidade .....

**DECLARA**

1.- Que acepto, despois de ler e coñecer, as Bases da convocatoria de subvencións do Ilmo. Concello de Redondela para o ano 2012.

2.- Que esta entidade non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- Que o conxunto de axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para a actividade pola que se solicita subvención, procedentes de administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das previstas nestas Bases, son as seguintes:

Ningunha outra axuda ou subvención.

Outras axudas ou subvencións.

(sinalar a que proceda)

Importe	Solicitada/Concedida/Percibida	Administración ou entidade concedente

4.- Que son certos os datos declarados nesta Convocatoria.

Redondela, ..... de ..... de 2012.

Sinatura .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**



**Designación de conta bancaria e comunicación de baixa de datos bancarios  
(Anexo IV)**

**Datos da persoa acreedora**

Nome			
CIF			
Enderezo			
Código postal		Teléfono	
Correo electrónico			

**Datos da persoa representante**

Nome e apelidos	
NIF	

**Alta de datos bancarios**

Código da entidade	Código da sucursal	DC	Número de conta

**A CUMPRIMENTAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO**

Certifico, a petición da persoa reflectida en "Datos da persoa representante" e a efectos de domiciliación dos importes que se lle remitan dende a Tesourería do Concello de Redondela, a existencia da conta referenciada en "Alta de datos bancarios", aberta a nome do/a titular que se reflecte en "Datos da persoa acreedora".

(Selo da entidade de crédito)

Pola entidade de crédito

Asdo.:

**Baixa de datos bancarios**

Código da entidade	Código da sucursal	DC	Número de conta

Redondela, ..... de ..... de 2012.

Asdo.: .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**



**Declaración de obrigas tributarias (Anexo V)**

Referencia (a cubrir pola Administración)	
---	--

Don/Dona ..... con NIF .....  
 en calidade de secretario/a da entidade .....  
 .....

**CERTIFICA**

Que esta entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, o cal asino en cumprimento da letra E) do apartado 2º do Artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que esta entidade ten debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ten solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ten presentada unha renuncia por escrito.

Redondela, ..... de ..... de 2012.

Vº e pr

A/O Presidenta/e

Asdo.: ..... A/O Secretaria/o .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**

**Solicitud para xustificación (Anexo VI)**

**Datos da entidade solicitante**

Nome			
CIF			
Enderezo (rúa, número, localidade)		Código postal	
Teléfono 1		Teléfono 2	
Correo electrónico			

**Datos da persoa representante da entidade**

Nome e apelidos		NIF	
Cargo que ocupa		Teléfono	

DECLARA que a subvención foi destinada ao fin para o que se concedeu e SOLICITA o pagamento da liquidación correspondente da axuda concedida para a actividade ou programa .....

**Documentación que se achega**

- Solicitud de pagamento (Anexo VI).
- Facturas orixinais de gasto.
- Memoria xustificativa (Anexo VII).
- Certificación de gasto realizado (Anexo VIII).
- Declaración responsable (Anexo IX).
- Certificación de subvencións ou axudas recibidas ou solicitadas (Anexo VIII).

Redondela, ..... de ..... de 2012.

Sinatura .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**



**Memoria xustificativa (Anexo VII)**

Referencia (a cubrir pola Administración)	
---	--

**Denominación, obxectivos e descrición**

<b>Denominación da actividade ou programa</b>	
<b>Obxectivos</b>	
<b>Descrición</b>	
<b>Actividades que se realizaron</b>	
<b>Lugar de celebración</b>	
<b>Calendario das actividades</b>	
Data de inicio	
Data de finalización	
Nº totais de horas	
Horarios previstos	
<b>Número de persoas beneficiarias</b>	
Total	
Mulleres	
Homes	
Grupo de idade ao que se dirixiu a actividade ou programa	

**Orzamento**

Concepto de gastos realizados	Importe
<b>Total</b>	

Concepto de ingresos percibidos	Importe
<b>Total</b>	

Redondela, ..... de ..... de 2012.

Asdo (representante da entidade): .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**



**Certificación de gastos realizados e percepción doutras axudas (Anexo VIII)**

Referencia (a cubrir pola Administración)	
---	--

Don/Dona ..... con NIF .....  
 en calidade de secretario/a da entidade .....

**CERTIFICA**

1.- Que no exercicio 2012 obtivo unha subvención do Concello de Redondela por un importe de ..... euros para a ..... actividade ou programa .....

2.- Que o conxunto de axudas concedidas e/ou percibidas para o desenvolvemento desta mesma actividade, procedentes de administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais son as seguintes:

- Ningunha outra axuda ou subvención.
- Outras axudas ou subvencións.  
 (sinalar a que proceda)

Concepto da axuda	Importe	Concedida/Percibida	Administración ou entidade concedente

3.- Que se cumpriron as finalidades da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida, e que aparecen descritas na Memoria que se axunta (Anexo VII)

4.- Que se realizaron gastos de actividade por unha contía total de ..... euros.

5.- Que a entidade cumpriu con todas as obrigas da Base 11 das Bases de subvencións.

E para que conste, a efectos de xustificación e cobro da subvención, expídese a presente certificación en Redondela o ..... de ..... de 2012.

Vº e pr  
 A/O Presidenta/e

Asdo.: ..... A/O Secretaria/o .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**



<b>Certificación para a xustificación (Anexo IX)</b>	
Referencia (a cubrir pola Administración)	

**Datos da entidade solicitante**

Nome			
CIF			
Enderezo		Código postal	
Teléfono 1		Teléfono 2	
Correo electrónico			

**Datos da persoa representante da entidade**

Nome e apelidos		NIF	
Cargo que ocupa		Teléfono	
Enderezo			

En cumprimento do establecido polas Bases da convocatoria e unha vez concedida a subvención, procédese a achegar os documentos preceptivos como xustificación:

- 1.- Memoria explicativa da actividade levada a cabo, con indicación dos gastos e ingresos efectivamente realizados (Anexo VII).
- 2.- Certificación da/o Secretaria/o e Vº e pr. da/ Presidenta/e, en relación aos gastos efectuados e a obtención doutras subvencións (Anexo VIII).
- 3.- Certificación da/o Secretaria/o e Vº e pr. da/o Presidenta/e, de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Anexo V).
- 4.- Facturas ou nóminas (orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas) acreditativas dos gastos realizados correspondentes á actividade subvencionada.

Redondela, ..... de ..... de 2012.

Asdo. (representante da entidade): .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**

Redondela, 8 de outubro de 2012. – O Alcalde, Javier Bas Corugeira.

**2012009729**